



RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA O PERÍODO PARA A COLOCACIÓN DE CORDAS COLECTORAS DE SEMENTE DO MEXILLÓN NO ÁMBITO DE COMPETENCIA DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO.

ANTECEDENTES

1. O 10 de febreiro do 2023, FEMEX (Federación de Asociacións de Mexilloeiros) solicita autorización para adiantar o prazo na colocación de cordas colectoras así como para aumentar o seu número a 150 cordas por batea e a súa lonxitude a 12 metros.
2. O 23 de febreiro do 2023, solicítase informe aos membros da Comisión do Mexillón. Informan favorablemente formulando nalgúns casos as respectivas peticións individuais, as seguintes entidades: Sociedade Cooperativa de Mexilloeiros de Galicia Socomgal, Asociación de Mejilloneros "San Saturnino", Asociación de Mejilloneros Profesionales A Marxa, Amegrove Soc. Cooperativa Galega, A Asociación Productores Mejilloneros Ria Nosa de Moaña e Organización de Productores de mejillón de Galicia "Opmega".
3. O 28 de febreiro de 2023 a Dirección xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica emite un informe no que non observa ningún inconveniente en que se concedan con carácter excepcional as pretensións mencionadas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 36 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños de Galicia, dispón:

"1. Poderán colocarse cordas colectoras de semente do mexillón sempre que o número total de cordas da batea non sobrepase a densidade e número máximo a que se refire o artigo anterior.

2. Independentemente do recollido no punto anterior, no período que vai dende o 1 de abril ata o 30 de setembro, autorízase a colocación de cordas colectoras de semente do mexillón en bateas de modo que o seu número non sobrepase as 100 respecto ao máximo que lle corresponde á dita batea.

*Cando fenómenos medioambientais excepcionais alteren o ciclo normal de reprodución da especie, modificándose a época de fixación larvaria, a delegación territorial (agora xefatura territorial), dentro do ámbito da súa competencia poderá variar o dito período, **previa petición da maioría de entidades representativas do sector e informe da correspondente unidade técnica administrativa.***

En todo caso, unha vez finalizado o período, o número de cordas axustarase ao que corresponda á batea.

3. As cordas colectoras, que terán libre un dos seus extremos, non poderán ter máis de cinco metros de lonxitude contados a partir da superficie do mar. Cada unha delas deberá estar claramente identificada mediante unha marca de color roxo intenso, na súa parte superior, dunha lonxitude mínima de 30 cm que a diferencia perfectamente das cordas de engorde."





2. Con data do 28 de febreiro do 2023 o director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica emitiu informe respecto das solicitudes relacionadas nos antecedentes desta resolución, no que deixa constancia do seguinte: *"Circunstancias excepcionais como os desprendementos de mexillón, escaseza de mexilla axeitada nas rochas na época hábil de recollida, a dependencia directa dos factores climatolóxicos nos desoves do mexillón así como a limitación das zonas para a extracción de semente de mexillón en banco natural levan consigo ter en consideración a petición do sector na ampliación do prazo para a colocación de cordas (...).*

Así mesmo, a maior necesidade de semente debido a cambios nas demandas de mexillón de talla máis pequena para o consumo de en fresco favorece a necesidade de buscar alternativas para que os bateiros se poidan abastecer de semente de mexillón, para complementar á recollida en rocha e evitar unha dependencia desta."

3. De acordo co citado artigo 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños de Galicia, a competencia para ditar a presente resolución correspóndelle á xefa territorial da Consellería do Mar en Vigo.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

Modificar o período polo que se autoriza a colocación de cordas colectoras de semente do mexillón en bateas, establecido no artigo 36.2 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, de forma que, no ámbito de competencia territorial desta Xefatura, as ditas cordas poderán colocarse dende o 1 de marzo ata o 30 de setembro do 2023.

A dita modificación queda suxeita ás seguintes condicións:

Primeira. As persoas concesionarias deberán comunicalo con antelación suficiente, indicando o nome do viveiro e a súa localización, á Subdirección Xeral de Acuicultura, Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar. A comunicación poderá ser realizada a través do modelo PR004 ou a través do correo electrónico servizo.innovación.acuicultura.cmr@xunta.gal.

Segunda. As persoas concesionarias deben realizar a declaración de captación de semente de mexillón a través da aplicación informática de expedición de documentos establecida pola administración. A ferramenta web que permite a declaración de obtención de semente de mexillón en cordas colectoras poderase utilizar dende diferentes dispositivos, tanto dende unha aplicación telemática, dende o TICPESC ou dende o móbil (aplicación MOVITIC).





Os concesionarios deberán de comunicar os datos do viveiro e a súa localización, así como a data de colocación de ditas cordas, o número de colectores totais no viveiro, a cantidade de mexilla recollida por cada corda, tamaño medio e o viveiro de destino de dita mexilla.

En todo caso, para efectos de obtención de información e seguimento técnico destas melloras na captación de mexilla polos técnicos da consellería Mar, os titulares dos viveiros deben colaborar con persoal desta consellería no momento no que lles sexa requirida a dita colaboración.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Vigo,

A xefa territorial

Por delegación de firma da xefa territorial (Resolución 29/12/2021)

Carmen de Benito Caula

A xefa do Servizo de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

